

LUGO

INFORMACIÓN CULTURAL
E TURÍSTICA 2026



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua



VENRES 20/02 A XOVES 26/02

LUGO

INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA



Información elaborada o xoves 19/02. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

Imaxe da portada: “Alén” do Colectivo Glovo.

Para recibir este boletín:
envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal
Asunto: boletín.



982 297 199



LugoTurismo



culturaturismolugo



LugoTurismo



XXIV PREMIOS
MESTRE
MATEO

PROGRAMA DE ACTIVIDADES



PROXECCIÓN LONGAMETRAXES FINALISTAS

10, 11, 18, 19, 24 e 25 de febreiro
3 e 4 de marzo | 19:00 horas
Cines Códex



XXIV PREMIOS
MESTRE
MATEO

San Simón

Martes 24.02.26 | 19:00 | Códex Cinema



XXIV PREMIOS
MESTRE
MATEO

O silencio herdado

Mércores 25.02.26 | 19:00 | Códex Cinema



XXIV PREMIOS
MESTRE
MATEO

XUNTANZA DE FINALISTAS

06.03.26 | 19:00 horas
MIHL Museo Interactivo
da Historia de Lugo



XXIV PREMIOS
MESTRE
MATEO

ENCONTRO CO PÚBLICO: PRESENTADORES E PREMIO DE HONRA

05.03.26 | 19:00 horas
Centro Sociocultural
O Vello Cárcere



XXIV PREMIOS
MESTRE
MATEO

ESPECTÁCULO ESPECIAL XXIV PREMIOS MESTRE MATEO

21.03.26 | 21:30 horas
Escenario 300 do Auditorio
Fuxan os Ventos

LUGO

AXENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

Presentación
dos
poemarios ilustrados

Coas autoras Antía Marante
e Olalla Castro-Klich

Vostede está aquí & Casa a medias

Venres 20 de febreiro
19.00 horas

O Vello Cárcere
Praza da Constitución, s/n.
Lugo

PAZO DE FEIRASE CONGRESOS LUGO

fun tás tik

-NO LIMITS-

OS DÍAS 20 - 21 - 22 - 27 - 28 de FEBREIRO e 01 de MARZO
de 10.00 a 13.30 e de 16.00 a 20.00

VARIAS ZONAS e moitas sorpresas

MINIS PARA OS MAIS PEQUES

ESTRUTURAS XIGANTES

CONSTRUCCIÓN

EDUCATIVA

ENTRADA
10€

Consulta horarios,
e prezos especiais para
Coles e Asociacións

FUNTASTIK-NOLIMITS-
FUNTASTIK_NOLIMITS
funtastiknolimits@gmail.com

Colaboran: XUNTA DE GALICIA, Galicia, REGIÃO DE LUGO E CONCELLO DE LUGO, MUSEO, Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, Organiza: Montesi

JUAN TALLÓN
Mil cosas

Juan Tallón presenta Mil cosas

Acompañado por Carmen G. Magdaleno

VIERNES
20 FEB
19:30 h

LECTOCOSMOS

Librería Lectocosmos
Pza. Campo Castelo, 19
27001 Lugo

ANAGRAMA

CONTACONTOS

VENRES 20 DE FEBREIRO
17:30 HORAS
LIBRERÍA BIBLOS

HISTORIA DUNHA NUBE

ELEDORRA GARRIGA

VENRES 20/02 A XOVES 26/02



LUGO

AXENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua



Club de lectura Lugo



21 de febreiro
18.30



O VELLO CÁRCERE



VENRES 20/02 A XOVES 26/02



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

**DESTRUCCIÓN E RESISTENCIA
O TERRITORIO EN DISPUTA**

21 de febreiro CS A Hedreira. LUGO Rúa Catasol, 17

→ 12.30h **UNHA HISTORIA PEQUENA DA GALIZA RURAL**
ALBA DÍAZ GEADA

→ 15.00h **XANTAR**
PARA RESERVAR EN CSAHEDREIRA@RISEUP.NET OU IG @HEDREIRA

→ 16.30h **DEFENDER A TERRA: CARTOGRAFÍA DA RESISTENCIA**
ANDRÉS CASTRO, DO SINDICATO LABREGO GALEGO (SLG)

SELG*

CONCERTO ORQUESTRA
DE CAMARA LUG

Sons Herdados

sábado 21 de febreiro
18:30 h. Salón de columnas
Círculo das Artes



Entrada libre ata completar aforo



VACANAL SINFÓNICA DE VACAS 10º ANIVERSARIO
EN XIRA!

21/02 LUGO
AUDITORIO MUNICIPAL
FUXAN OS VENTOS · 20:00h

ORGANIZA:

PATROCINA:

**PRESENTACIÓN
LITERARIA**

**Eva Cabanelas
Dopazo**

21-Feb
19:00h

O Vello Cárcere- Praza da
Constitución, s/n. Lugo

LUGO

A XENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

VARGAS BLUES BAND

LUGO
21 FEBRERO 2026

SALA JAGGER
(RUA DA CRUZ, 20)

PUERTAS 22 H / SHOW 22:30 H
ENTRADAS 18€ (+GG) ANT. // 22€ TAQUILLA
ONLINE EN www.nipopnijazz.com Y EN SALA

VARGASBLUESBAND.COM

ünder & Diego Flâneur

SÁBADO 21.02.2026
SALAMIO 23:45h
LUGO

ENTRADAS ONLINE EN FORVENUES.COM OU FÍSICAS NA TENDA ACTITUDY (RUA DA CRUZ 6)

Os barban Sónicos

PUNK 'ON KEIXO

Sábado, 21 de febreiro • 22:30 h
Club Clavicémbalo • LUGO

Entrada • 5€

clubtura
asociación galega de teatro de cámara

Clavicémbalo

AS LITERATAS PARA ROSALÍA DE CASTRO

CONCERTOS

20H. NEBRA PECHA DE DIEGO FLÂNEUR
21H. CARABELA

23.02 LUGO
CAPELA STA. MARÍA

ORGANIZA:
DEPUTACIÓN DE LUGO **88 Cultura**
VICEPRESIDENCIA

GESTIONA:
seara
SERVIZO CULTURAL

VENRES 20/02 A XOVES 26/02

LUGO

AXENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

ALÉN DOS SILENCIOS

*Aínda guerra e unha ditadura máis tarde...
Na procura da memoria perdida...*

un documental de
CARMEN P.G. GRANKEIRO

CONCHI LÓPEZ SÁNCHEZ
CINQOM (Centro Estatal de Yodanis)

ANA REAL CASTELO
CHUS NAVARRO OTERO
DOLORES VIEIRO NÚÑEZ
MARIETA PÉREZ SANZ

MURIA LÓPEZ
de la familia aberta no 38
e a elaboración de
LENTES DIVERXENTES
A.G.A.M.A.

Mª JESUS SOUTO BLANCO
Historiadora de U.S.C.

Tamén con: OLGA PARDO PENABAD, LOLA DÍAZ LIMBRES, Mª CARMEN PARDO HERBIDA, Mª JESUS PÉREZ...

creative commons 3.0 www.carmenpggrankeiro.com 2025

ESTREA DO FILME

PRESENTACIÓN COA DIRECTORA E PROTAGONISTAS

Subtitulado completo en galego.

Entrada libre até completar aforo.

O VELLO CÁRCERE

24 MARTES
FEBREIRO **19.30hrs**

NÉBOA

**PABLO QUESADA
& Colectivo ConTRol**

Comisario: Pedro Huidobro

10 . 01 > 27 . 02

Lamas de Prado 31, Lugo

**XOVES DE
CIENCIA E CAÑAS**

Paula Vázquez Rodríguez

Profesora Titular de Universidade

Área: Organización de Empresas

Grupo de investigación: CVSO. Creación de Valor Sostible nas Organizacións.

Marcos Fernández González

Investigador Predoutoral

Área: Electrónica

Grupo de investigación: ARQCOMP. Arquitectura de Computadores.

**FEBREIRO
26
18:00**

**Aula Galeno, Facultade
de Veterinaria**

Organiza: Ana Fresno, Marta Prado

Colabora: Cafetería Facultade Veterinaria

**Xoves, 26 de febreiro
20.00 horas**

**BIBLIOTECA PÚBLICA
DE LUGO**

Escuchando Elefantes

**XUNTA
DE GALICIA**

VENRES 20/02 A XOVES 26/02

07



IMPORTE DAS ENTRADAS:

Obras para público adulto: **5€***

Espectáculos para público familiar: **3€.**

Espectáculos danza: **5€***

*Desconto do 30 % para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG.

BONOS:

Adulto: 42€ (14 representacións). 120 bonos como máximo. (Manual de patronaxe, Matres, Yo solo quiero irme a Francia, Memorias dun neno labrego, Ubasute, A metamorfose, Xoguetes rotos, RIAZOR OSTIA, Alta costura, ICTUS, Alicia wants to..., Bio Construción, Cortello de amor e Do reino(e) dos amores proscritos).

Familiar: 20€ (12 representacións). 120 bonos como máximo. (Sé tortuga, IDEA, Berenguela na Gaiola, La gata que quería cambiar la historia, Bosque, O libro da selva o musical, Isaura e Tristán, Singularia, Mr Bo e O arcón de Noa).

Danza: 18€ (6 representacións). 120 bonos como máximo. (Nik.eu 2.0, Alén, Benquerer, 3 pezas curtas, Monte e Marea familiar + Soño profundo).

FORMA DE ADQUISICIÓN:

ENTRADAS: A través do portal web entradaslugo.es e na Oficina de Turismo ata 3 horas antes do comezo de cada función; e no auditorio, o día da función, desde unha hora e media antes do comezo do espectáculo.

*As persoas que adquiren entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

IMPORTANTE: NON SE PERMITIRÁ O ACCESO Á SALA UNHA VEZ COMEZADA A FUNCIÓN, NIN CON COMIDA E BEBIDA.

PROHÍBESE A TOMA DE FOTOGRAFÍAS E GRAVACIÓN DO ESPECTÁCULO, TANTO NO QUE SE REFIRE A SON COMA A IMAXE, A EXCEPCIÓN DOS MEDIOS GRÁFICOS PREVIAMENTE AUTORIZADOS.

PROGRAMACIÓN ADULTOS

FECHA	HORA	ESPECTÁCULO	DURACIÓN	EDAD RECOMENDADA
15 XANEIRO	20:30	"Manual de Patronaxe" de Teatro Noroeste	75min.	A partir dos 16 anos.
22 XANEIRO	20:30	"Matres" de Campi qui Pugui	65min.	A partir dos 8 anos.
29 XANEIRO	20:30	"Yo solo quiero irme a Francia" de Contraproducións	90min.	A partir dos 14 anos.
5 FEBREIRO	20:30	"Memorias dun neno labrego" de Contraproducións	100min.	Todos os públicos
12 FEBREIRO	20:30	"Ubasute" de Berrobambán	50min.	A partir dos 14 anos.
19 FEBREIRO	20:30	"A metamorfose" de Sarabela Teatro	70min.	A partir dos 12 anos.
26 FEBREIRO	20:30	"Xoguetes rotos" de Barrosanta	70min.	A partir dos 14 anos.

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 20:30h.

PROGRAMACIÓN ADULTOS

FECHA	HORA	ESPECTÁCULO	DURACIÓN	EDAD RECOMENDADA
5 MARZO	20:30	"RIAZOR OSTIA" de Os Náufagos teatro	85min.	A partir dos 18 anos.
9 ABRIL	20:30	"Alta Costura" de Elefante Elegante	80min.	A partir dos 14 anos.
16 ABRIL	20:30	"ICTUS (a derradeira lección de anatomía do Dr. Castelao)" de Chèvere e CDN	100min.	A partir dos 13 anos.
23 ABRIL	20:30	"Alicia wants to" de Bengala Teatro Físico	55min.	A partir dos 12 anos.
30 ABRIL	20:30	"Bio Construción" de Ibuprofeno Teatro	75min.	A partir dos 14 anos.
7 MAIO	20:30	"Cortello de Amor" de Amorodio Teatro	75min.	A partir dos 12 anos.
14 MAIO	20:30	"Do reino (e) dos amores proscritos" de Alóproducións	70min.	A partir dos 12 anos.

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 20:30h.

LUGO

GUSTAVO FREIRE


Adulto

20:30
26
 HORAS
 FEBREIRO

Auditorio Municipal Gustavo Freire

“Xoguetes rotos” de Barrosanta

70min.
 DURACIÓN



Idade recomendada:
A partir dos 14 anos.

Sinopse:
 Mario é un rapaz nacido na comarca do Ribeiro dos anos 50. Mais a aldea non parece un lugar demasiado apropiado para el. Non lle gusta vendimar nin mocear e non lle prestan os xogos dos adolescentes. E menos aínda pensa seguir os ditados do pai, que van en contra da súa natureza interior. Mario escapa da aldea para instalarse no Vigo industrial dos 70, buscando na cidade un lugar ideal para ser el mesmo. Pero non resulta tan sinxelo de atopar. Os aforros pouco duran, e será difícil sobrevivir nesa nova hostilidade, se non fose pola aparición dunha fada madriña: Dorin. Ela, coma el, naceu sendo unha rapaza galega, pero chegou a ser unha grande artista en París. Agora actúa na Riomar de Samil e vive no Abanico, onde Mario axudará a limpar, pasar o ferro, estudará contabilidade e comezará a dubidar... mesmo do seu nome.



Adulto

5
20:30
 MARZO
 HORAS

Auditorio Municipal Gustavo Freire

“RIAZOR OSTIA” de Os Náufragos teatro

85min.
 DURACIÓN



Idade recomendada:
a partir dos 18 anos.

Sinopse:
 RIAZOR OSTIA é un poema escénico sobre o odio, a intolerancia e a resistencia. Cincuenta anos despois do asasinato de Pier Paolo Pasolini, a súa voz e o seu corpo seguen a interpelarnos, amosándonos feridas aínda abertas. Da súa man, a peza afonda no auxe do fascismo, da violencia e da memoria, atravesadas polas loitas e tensións que xorden arredor de temáticas sociais como a visibilidade LGTBIQ+, a xustiza, a educación, a relixión ou a política. Un asasinato baixo o berro de maricón conecta o mar de Ostia co de Riazor, transformando o silencio en reflexión, a cólera en esperanza e a memoria en futuro.

PROGRAMACIÓN FAMILIAR



11
18:30
 XANEIRO
 HORAS

50min.
 DURACIÓN



“Sé tortuga”
 de Xip xap Teatre
Idade recomendada: A partir dos 4 anos.

18
18:30
 XANEIRO
 HORAS

50min.
 DURACIÓN



“A Tarabela Ambulante: IDEA”
 de Tarabela Creativa
Idade recomendada: A partir dos 4 anos.

25
18:30
 XANEIRO
 HORAS

50min.
 DURACIÓN



“Berenguela na Gaiola”
 de Galeatro + Xarope Tulú
Idade recomendada: A partir dos 6 anos.

1
18:30
 FEBREIRO
 HORAS

48min.
 DURACIÓN



“La gata que quería cambiar la historia”
 de Thomas Noone Cia
Idade recomendada: A partir dos 6 anos.

8
18:30
 FEBREIRO
 HORAS

50min.
 DURACIÓN



“Bosque”
 de Mamá Cabra & Aurora
Idade recomendada: A partir dos 4 anos.

22
17:00
18:30
 FEBREIRO
 HORAS

30min.
 DURACIÓN



“Paisajes de oro”
 de Compañía Sharon Fridman
Idade recomendada: Dos 0 aos 4 anos.

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 18:30h.

PROGRAMACIÓN FAMILIAR



1
17:30
 MARZO
 HORAS

40min.
 DURACIÓN



“Pié inquieto”
 de Cia La clá
Idade recomendada: A partir dos 10 meses.

12
18:30
 ABRIL
 HORAS

50min.
 DURACIÓN



“O libro da selva, o musical”
 de Ártika Cía
Idade recomendada: A partir dos 3 anos.

19
18:30
 ABRIL
 HORAS

50min.
 DURACIÓN



“Isaura e Tristán. Contastorias”
 de Fantoques Baj
Idade recomendada: A partir dos 6 anos.

26
18:30
 ABRIL
 HORAS

70min.
 DURACIÓN



“Singularia”
 de Magia en la manga
Idade recomendada: A partir dos 6 anos.

3
18:30
 MAIO
 HORAS

55min.
 DURACIÓN



“Mr Bo”
 de Marie de Jongh
Idade recomendada: A partir dos 6 anos.

17
18:30
 MAIO
 HORAS

40min.
 DURACIÓN



“O arcón de Noa”
 de Amarelo Cía
Idade recomendada: A partir dos 3 anos.

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 18:30h.

LUGO

GUSTAVO FREIRE

22 FEBREIRO 17:00-18:30 HORAS
Auditorio Municipal Gustavo Freire

Familiar

“Paisajes de oro”

de Compañía Sharon Fridman

30 min. DURACIÓN



Idade recomendada:
A partir dos 0 anos.

Sinopse:
Imaxina un sinxelo anaco de papel transformándose nun vasto universo. Cada dobra e cada xesto revela un novo mundo inspirado na natureza: o papel convértese en pedra, na cova, no mar ou en ceo. Xuntos habitaremos estes lugares, descubrindo a maxia das cousas pequenas e cómo, con creatividade e conexión, incluso as formas máis sinxelas poden conter infinitas posibilidades.

Premio Mejor espectáculo de danza FETEN (2025).

Familiar

17:00-18:30 HORAS **1** MARZO
Auditorio Municipal Gustavo Freire

“Pié inquieto”

de Cia La clá

40 min. DURACIÓN



Idade recomendada:
A partir dos 10 meses.

Sinopse:
A nosa protagonista descubre que aínda que pensa que non ten nada, ten pés, uns pés que lle gustan porque “lévanlle a todas partes”. A súa inquietude lévaa a navegar pozas, nadar camiños, camiñar mares e así pouco a pouco ir viaxando lonxe da fábrica e coñecendo ao resto de habitantes de “Cidade Queda”. Teño pés pero... Quédanme grandes os pés? Ou son pequenas as zapatillas?

PROGRAMACIÓN DANZA

30 XANEIRO 20:30 HORAS **50 min.** DURACIÓN
“NIK.EU 2.0” de iXA
Idade recomendada: Todos os públicos.

20 FEBREIRO 20:30 HORAS **50 min.** DURACIÓN
“ALÉN” de Colectivo Glovo
Idade recomendada: Todos os públicos.

27 FEBREIRO 20:30 HORAS **40 min.** DURACIÓN
“BenQuerer, Fran Sieira báilalle a Caamaño&Ameixeiras” de Fran Sieira Compañía de danza
Idade recomendada: A partir dos 14 anos.

3 PEZAS CURTAS

27 MARZO 20:30 HORAS **15 min.** DURACIÓN
“Frammenti” de Cie. Twain
Idade recomendada: Todos os públicos.

27 MARZO 20:30 HORAS **16 min.** DURACIÓN
“Flores Negras” de Cia. Acerina H. Toledo
Idade recomendada: Todos os públicos.

27 MARZO 20:30 HORAS **17 min.** DURACIÓN
“So-fa(r) From me” de Cia. Marta Alonso Tejada
Idade recomendada: Todos os públicos.

17 ABRIL 20:30 HORAS **60 min.** DURACIÓN
“Monte - Versión estendida” de Laboratorio Escénico S Coop Galega.
Idade recomendada: A partir dos 14 anos.

29 MAIO 20:30 HORAS **50 min.** DURACIÓN
“Marea Familiar (family Tide) + Soño Profundo (Dream in the Back of Your Head)” de Khambatta Dance Company
Idade recomendada: A partir dos 14 anos.

Auditorio Municipal Gustavo Freire - 20:30h.

20 FEBREIRO 20:30 HORAS
Auditorio Municipal Gustavo Freire

Danza

“ALÉN”

de Colectivo Glovo

50 min. DURACIÓN



Idade recomendada:
Todos os públicos..

Sinopse:
Un espectáculo de danza creado por Hugo Pires Pereira e Esther Latorre, inspirado nas raíces e na forza da natureza galega.
En **Alén**, catro intérpretes danse encontro nun espazo que lembra os nosos montes, ríos e mares. A través do movemento falan dos ciclos da vida que todas e todos coñecemos: a unión, o cambio e o renacer.
Os corpos vibran, evocan lembranzas compartidas e crean diante do público un ritual contemporáneo que conecta coas nosas tradicións máis fondas.
Alén celebra a memoria do mundo e a súa constante rexeneración, combinando forza e delicadeza nunha coreografía aberta, feita para emocionar e achegarse a quen mira. Déixate levar por esta viaxe sensorial e descubre, xunto ás intérpretes, o que hai máis alá do visible.

LUGO

O VELLO CÁRCERE



Programación Continua 2026



BIBLIOTECA + ESPAZO DIDÁCTICO

OBRADOIROS

PÚBLICO INFANTIL

"PEQUEVIÑETISTAS"

Martes | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2013-2018

"A TODA COR"

Mércores | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2017-2022

"MINIRRELATOS"

Xoves | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2013 - 2018

Club de lectura infantil "RATIÑOS DE BIBLIOTECA" (Cada tres semanas)

Sábado | 12:00 - 13:00 | Nados/as entre 2013 - 2017

PÚBLICO XUVENIL

"E TI QUE CONTAS?"

Luns | 17:30 - 18:30 | Nados/as entre 2009-2012

PÚBLICO ADULTO

"ABRINDO AS PORTAS"

Luns | 16:30 - 17:30

"CONSTRUÍNDO MEMORIA"

Martes | 16:30 - 17:30

"ESCRITURA CREATIVA"

Xoves | 18:30 - 19:30

Club de lectura feminista "EN-CLAVE FEMINISTA" (Cada tres semanas)

Sábado | 12:00 - 13:00

Club de lectura de memoria democrática "GREGORIO SANZ" (Cada tres semanas)

Sábado | 12:00 - 13:00

PROGRAMA TÁNDEM

Horarios e días en función do idioma

VISITAS GUIADAS

Edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra"

- VENRES: 17:30
- SÁBADOS: 11:15 e 17:30
- DOMINGOS: 11:15 (PÚBLICO FAMILIAR) e 17:30

PROGRAMACIÓN ESCOLAR

EDUCACIÓN PRIMARIA

"Un edificio con boa memoria" - Nemesio Cobreros

EDUCACIÓN SECUNDARIA

"Un edificio con boa memoria" - Rafael de Vega

BACHARELATO E COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Visita guiada edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra"

ESPAZO DE LECER

Nados/as entre 2017 - 2022

HORARIO (Sábados, domingos e festivos)

MAÑÁ
1ª quenda: 11:00 - 12:30
2ª quenda: 12:30 - 14:00

TARDE
1ª quenda: 16:00 - 17:30
2ª quenda: 17:30 - 19:00

ACTIVIDADES

"CONTACONTOS MIÚDOS"

Sábados | 11:00 - 12:30 e 12:30 - 14:00

"COUSIÑAS XEITOSAS"

Domingos | 11:00 - 12:30

TEMPO DE LECER

Sábados e Domingos. Horario do espazo, excepto nas horas de "Contacontos miúdos" e "Cousiñas xeitosas"

Festivos | Horario do espazo

INFORMACIÓN IMPORTANTE


- Todas as actividades son de balde.
- Na Biblioteca e no Espazo Didáctico **requírese inscrición previa**.
- No Espazo de Lecer e nas visitas guiadas, **recoméndase a inscrición previa**.
- A programación está suxeita a posibles modificacións en base aos eventos que acolle o Centro.
- Máis info e bases en: ovellocarceredelugo.gal

📍 Praza da Constitución s/n, 27002, Lugo

☎ 982 297 195

✉ vellocarcere@lugo.gal

🌐 ovellocarceredelugo.gal



LUGO

CLUB CLAVICÉMBALO



Clavicémbalo
Club de Arte e Música

www.clavicembalo.com
www.clavicembalo.gal

Reservas: tel. 982 243 270 ou no
email club@clavicembalo.com

Horario de xoves a sábado a partir das 21:30 h.
Horario dos concertos: mércores e xoves ás 21:30 h.
Venres, sábado e véspera de festivo ás 22:30 h.

Venres 6...



Sábado 7...



Xoves 12...



Venres 13...




Sábado 14...



Luns 16...



Xoves 19...



Febreiro 2026

Trikornio | Crap rock

O *power trio* vén presenta-lo seu último e hilarante traballo *Odio el plástico*, unha recompilación dos seus ¡¡¡Grandes Fracasos!!! como reza o subtítulo, e vén renovado con Javi Regos (o neto de Horacio o sapateiro), probablemente un dos mellores baixistas da Galaxia.

A palabra para a arte de Trikornio é intensidade, sentada nunha posta en escena enerxética e contaxiosa de directos sen descanso, irresistibles. A formación recolle influencias do *rock* máis clásico e do progresivo, do *metal*, da música psicodélica e do *club* para a súa persoal mixión de obrigada escoita.

Tom Killner | UK

Están os artistas cuxos discos soan ben, despois está Tom Killner nunha clase diferente ao vivo. Se en estudio xa impresionou, subido no escenario élle pulsado algún interruptor interno multiplicador de forza, alma e intención. A súa xira por España, en febreiro deste 2026, ha ser revelación para quen ande á procura de concertos con autenticidade, dos que son para sentir.

Outra peza chave, a súa banda, non fai compañía, é cómplice. O directo funciona como un motor perfectamente engraxado no que o baixista sostén un *groove* sólido que deixa respira-la guitarra, a batería achega pegada sen perder elegancia e os coros engaden ese toque emocional que engrandece os temas.

Smellancie química advértese: os músicos miranse, escóitanse, danse espazo e animanse a arriscar. E cando alguén se atreve a arriscar sobre as táboas, o público agrádaceo.



Improdutivas

Evaristo Calvo presenta *A ver que pasa*

Espectáculo unipersoal escrito e interpretado polo actor Evaristo Calvo (Mofa & Befa).

Con características propias do *stand up*, o monólogo e o *cabaret* literario, ten pretensión claramente cómica. Ponnos diante un intérprete teimudo e desinhibido a desenvolver unha progresión que vai do *stand up* máis convencional ata a narración oral pasando pola poesía paródica. No transcurso do espectáculo vemos como o seu protagonista renega do nome *monólogo* exemplificando o que para el viría sendo un auténtico monólogo dramático; defenderá o uso de termos procedentes do inglés para estar cos tempos e dar «categoría» aos conceptos (mellor *Paco's Barber Shop* que *Barbería Paco*, por exemplo). Dará a coñecer parte dunha obra poética absolutamente delirante e, como guinda do pastel, lanzarase á piscina dos contacos con un relato protagonizado por un camioneiro arroutado e inzado de digresións xocosas.

O espectáculo pretende diverti-lo público facendo gala dun humor inclixente pero comprensible para calquera tipo de espectador.



Colección Romántica

Sergio Alba: voz; David Taboada: piano.

Revolujoin | Power pop/funk/hardrock

Kiko Reimúndez: guitarra, voz; Steven Martin: batería; Javi Fernández: baixo; Joel Crespo: piano; Alvaro Fernández: saxo. Interpretarán temas de dous discos anteriores sumados aos do vindeiro. Caracterízanse por arranxos enérxicos e ceibes na procura da esencia rítmica que sustenta os textos autoanalíticos e surrealistas dun repertorio sincero e orixinal cuxo estilo se dá en chamar *free pop* a falta dun termo que mellor aglutine a variedade do seu traballo musical.

Ousadías




Venres 20...



Sábado 21...



Xoves 26...



Venres 27...



Sábado 28...



The Xame

Banda de *rock* influenciada polos clásicos dos anos 70 e 80. Nacemos no 2021, inicialmente en calidade de tributo a Johnny Cash, pero axiña comezamos a desenvolver-lo noso propio repertorio, sen deixar de versionar grupos míticos como Deep Purple, ZZ Top e AC/DC. Ata o de agora contamos con dous discos editados: *We are the same* (2022) reúne vinte composicións orixinais e define as bases do noso son, mentres que *Burning out in the moon* (2024) aposta de forma máis clara polo *heavy metal* clásico cun enfoque máis contundente e directo.

O noso estilo irmande a forza do formato *power trio* coa personalidade inconfundible do órgano Hammond e logra un son potente, clásico e ao tempo persoal.

Os Bar Ban Sónicos Punk'on Keixo



Sqs Jam Session de Rock & Blues

Organiza: Fábrica de Sons. Entrada libre

Turbo Kraks + Beach Avenue + Morgen

Turbo Kraks nace no 2016 da unión de tres integrantes doutras bandas na idea de facer *posthardcore* instrumental. Combina seccións agresivas e ruidosas provenientes do *hardcore* con partes moi melódicas achegadas ao pop e a xéneros máis alternativos.

Joako: baixo, voz; Rober: batería; Manu: guitarra, voz.

Morgen, formación de *punk rock* / *hardcore* melódico da Coruña. En activo desde 2008, editou dous LP: *Restari* (2016) e *Agony* (2022).

Alberto Amorin: baixo, voces; Alberto Arjo: guitarra; Diego: batería, voces; Edu: guitarra; Fer: voz; Jota: guitarra, voces.

Beach Avenue, grupo lucense creado no 2023 na oficina dun concesionario de automóbiles, mantén a visión compartida de tres artistas apaixonados.

En termos musicais, Beach Avenue destaca por fusionar elementos de *grunge*, *punk rock* e *nu metal* nunha mestura única e en constante cambio. Está a bautizar un novo xénero? Nin sequera os compoñentes son quen a sabelo.

Vasco: baixo, coros; Iñaki: batería, coros; Iago: voz, guitarra.

Teté Delgado e Julio Pereira. ¡Entre dos!

Aviso para espectadores que queiran botar unhas risas: Velaquí os veñen! Ela e mais el.

Ela, recoñecida actriz, locutora —televisión e radio— e vocalista Teté y los Ciclones; *show woman*. Teatro: *El amor enamorado*, *El pisito*, *Gorda*. Radio: *La Jungla* (Cadena 100). Televisión: *Pratos combinados*, *Escoba!*, *Son de estrellas* (TVG), *El súper* (Telecinco), *Ellas y el sexo débil*, *Familia*, *Tu cara me suena* (Antena 3), *¡Mira quién baila!* (TVE)...

El, actor, guionista e director de ampla traxectoria en España e América Latina. *Libro de familia*, *Fontalba* (TVG), *Matadero*, *Amar es para siempre* (Antena 3), *Los misterios de Laura*, *La promesa* (TVE), *Los hombres de Paco*, *Los Serrano*, *Aida*, *Mía es la venganza* (Telecinco)...

Teñen idea de nos entreter e divertir cun *biólogo* (monólogo entre dous) retro-futurista no cal xogan co tempo e maila perspectiva falando de asuntos íntimos, fantasías e sentimentos con moito humor. O espectáculo consta de dúas partes, na segunda caseiramente desaparece a cuarta parede: quen do público se averña compartirá as propias historias e ocorrencias.

Emenda e traduce: Shufi Long | saddayakko@gmail.com

Subvencionado con fondos FEDER



UNEMP, BEPTA
TUTTA PIANTA DE PAPA' C'UNO

XUNTA DE GALICIA



AGADIC

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO



clublura

aleVita



+ info

W!



Entradas en wouticket.com

A HEDREIRA |

FEBREIRO

XOVES 5 | 19:00 HORAS
OBRADOIRO DE COSTURA BÁSICA

XOVES 12 | 19:00 HORAS
CINEFÓRUM DE ENTROIDO
OS MERDEIROS. A RECUPERAÇÃO (29 MIN)
O MOREDO. A RESISTENCIA DO ENTROIDO RIBEIRAO (28 MIN)

XOVES 19 | 19:00 HORAS
CAFÉ FILOSÓFICO
Tema da conversa : Arte e Política

XOVES 26 | 19:00 HORAS
CINEFÓRUM
Proxección polo 50 aniversario da República
Árabe Saharauí Democrática

VENRES 27 | 21:30 HORAS
CEA VEGANA
Prezo: a vontade. Prazas limitadas.
Precísase reserva en: csahedreira@riseup.net

DOMINGO 8 | DE 11:00 A 12:00 HORAS
MERCADIÑO DE TROCO

Organiza: Banco do Tempo de Lugo

MÉRCORES 18 | 20:30 HORAS
PRESENTACIÓN DO LIBRO 'KAPOKADAS. DE AUSTRALIA A EUROPA, A DEDO'

Un percorrido de 40.000 km que expón as
fracturas do mundo,
o colonialismo e o turismo moderno

SÁBADO 21 | 12:00 HORAS
**UNHA OLLADA ANARQUISTA DO PAÍS.
DESTRUCCIÓN E RESISTENCIA: O TERRITORIO EN DISPUTA**

Xornada organizada polo Seminario de Estudos
Libertarios de Galiza

Para o xantar vegano reserva en: csahedreira@riseup.net

SÁBADO 28 | DENTE AS 12:00 HORAS
I XORNADAS DE VIVENDA E CONVIVENCIA ALTERNATIVA

Para o xantar vegano reserva en: csahedreira@riseup.net

para pono teatro
luns | 11:00 - 13:00 e 17:00 - 19:00
mércores | 11:00 - 13:00 e 18:30 - 20:30

en movemento
Primeiros venres de mes | 19:00 - 21:00

OBRADOIROS

galego para inmigrantes
martes | 18:30 - 20:00

catalán
martes | 20:30 - 22:00

TODAS AS ACTIVIDADES DE BALDE

Inscríbete:
(+ info e horarios na web)



ahedreira.noblogs.org

Aberto de 19:00 - 21:00
os martes, xoves e venres

Rúa Catasol, 17 (Lugo)
@hedreira | csahedreira@riseup.net



LUGO CULTURAL



LUBICÁN FEBREIRO

Concerto de xMaseda65

📅 10 de febreiro
🕒 20:30 h.
📍 Casa do Saber

Concertos de Lina e Lola + Unto Vello

📅 25 de febreiro
🕒 20:15 h.
📍 Praza de Santa María
En caso de condicións
meteorolóxicas adversas
no Auditorio da Facultade
de Veterinaria.

📌 Concertos: entrada libre
ata completar aforo

Encontros cos músicos

📅 10 de febreiro | xMaseda65
📅 25 de febreiro | Unto Vello
🕒 12:30 h.
📍 Casa do Saber

📌 Inscripción e info:
cultura.lugo@usc.gal

@cultura_usc 📌 AreadeculturaUSC 📌 culturausc.bsky.social
#PrimaveraCultural www.usc.gal/gl/servizos/area/cultura
📌 📌 lugocultural #LugoCultural2026 www.lugocultural.gal

CULTURAL LUGO



ENCONTROS DE LÚA CHEA

26 de febreiro

**A administración
Trump: unha nova
orde mundial?**

🕒 19.00 h

📍 Cafetaría da EPSE

Falarán:

- Daniel G. Palau
Director do IGADI
- Bernardo Valdês Paços
Dpto. de Economía Aplicada, USC

26 de marzo

**Medios de
comunicación:
información ou
desinformación na
era das *fake news***

🕒 19.00 h

📍 Cafetaría da EPSE

Falarán:

- Raquel Lema
Presidenta do Comité
Intercentros da CRTVG
- Orestes Currás
Representante territorial do
Colexio de Xornalistas de Galicia

📷 cultura_usc 📱 AreadeculturaUSC 📺 culturausc.bsky.social
#PrimaveraCultural www.usc.gal/gl/servizos/area/cultura

📷 lugocultural #LugoCultural2026 www.lugocultural.gal





Sobre nós...

Lugopoética 2026, continuadora da acción iniciada en 2024, é un proxecto de **Egeria** en colaboración coa **UNED Lugo** e a **Xunta de Galicia**, que se vai desenvolver en **seis sesións**.

Consistirá en conversas de **90 minutos** de duración con poetas que comentarán e lerán anacos da súa obra.

EGERIA

 **Xulio Xiz** - Coordinador
Presidente do Colectivo Egeria

máis información e matrícula




- ☎ 982 28 02 02
- ✉ info@lugo.uned.es
- 🌐 <https://extension.uned.es/actividad/50637>
<https://www.lugopoetica.org/>
- 📍 Tolda de Castela 4B - UNED Lugo
Salón de Actos - 3º andar

Organiza:

EGERIA

Colaboran:




Online 

Presencial 



Os encontros xirarán arredor de parellas de poetas **"Paso a dous"** relacionados entre si por familia ou actividade que serán emitidos na canle de YouTube da UNED Lugo.

LUGO POÉTICA 2026

- | | |
|---|---|
| 
19 febreiro - 18:30 h.
DIANA VARELA PUÑAL
CHELO GAYOSO DÍAZ | 
18 marzo - 18:30 h.
SONIA ARIAS LÓPEZ
ELENA PÉREZ LÓPEZ |
| 
23 abril - 18:30 h.
XOSÉ LOIS GARCÍA
RAMÓN RODRÍGUEZ PORTO | 
14 maio - 18:30 h.
MARTIÑO MASEDA LOZANO
BEATRIZ LÓPEZ DOURADO |
| 
28 maio - 18:30 h.
EDUARDO CARREIRA LÓPEZ
ÁNDELA GRACIÁN | 
11 xuño - 18:30 h.
ANA MAR FRAGA RABADE
MONTSE GONZÁLEZ ÁLVAREZ |

 **Xosé Carlos Ulloa**
Presentador

O futuro

Lugopoética nace con **vocación de continuidade**, pretendendo medrar no futuro con similares encontros que reflectan a riqueza e potencial da creación poética nas terras lucenses.

Máis info: <https://www.lugopoetica.org/>

|| Froito destes encontros editarase unha terceira publicación:

Lugopoética 2026

Unha escolma das obras dos poetas participantes na edición.



EXPLORA LUGO



Av. Infanta Elena, s/n, 27003
982 297 446
museo.mihl@lugo.gal
instagram.com/mihl_museo/



Praza da Constitución, s/n. 27002
982 297 195 vellocarcere@lugo.gal
facebook.com/OVelloCarcere
instagram.com/ovellocarcere/
twitter.com/o_vello_carcere



Rúa do Carme, 3, 27004
982 250 962 museo.porta@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001
982 25 48 15 casadosmosaicoslugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Praza do Campo, 11, 27001
982 251 658 cim@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



Praza do Campo, 11, 27001
982 25 16 58 lugoturismo@lugo.gal
facebook.com/TurismodeLugo/

EXPLORA LUGO



**Centro arqueolóxico
San Roque**

Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002
982 801 105 museo.sroque@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



**Museo Provincial de
Lugo**

Praza da Soidade s/n 27001
982 242 112 info@museolugo.org
facebook.com/redemuseistica provincial
twitter.com/RedeMuseistica



EXPLORA LUGO

LUGO KM 100

LUGO, CENTRO NEURÁLXICO DO TURISMO
DE PROXIMIDADE NA GALIZA

- » **A 100 KM DE ZONAS TURÍSTICAS:**
A MARIÑA, A RIBEIRA SACRA OU COMPOSTELA
- » **TRES PATRIMONIOS DA HUMANIDADE:**
A CATEDRAL, A MURALLA E O CAMIÑO PRIMITIVO
- » **UNHA APOSTA POLO TURISMO**
SOSTIBLE E DE PROXIMIDADE

